O protestantismo: unha fe silenciada

Alicia Martínez Martínez[1]

Daniel Vidal, pastor protestante, que foi presidente da Comisión Permanente da Igrexa Evanxélica Española (IEE) durante moitos anos e director do Seminario Evanxélico Unido, escribía isto en 1978: «Quen escribe estas páxinas é un protestante. Non hai moito tempo tal afirmación impediría, posiblemente, a publicación deste libro, e, aínda que hoxe apareza, iso dos protestantes non deixa de ser unha curiosidade para moitos dos habitantes deste país, que xamais tiveron ocasión de tropezar con un.»

Sei moi ben o que quere dicir Daniel, nacín en 1960, os meus pais, protestantes ambos, bautizáronme nesa fe, tan importante para eles e que era unha raíz fundamental na miña familia. Durante toda a miña vida tiven que explicar, a calquera persoa con quen compartía isto, o que era o protestantismo e aclarar a continuación, porque sempre viña esa pregunta despois, que os meus pais non eran estranxeiros; e responder tamén a esta outra pregunta: pero os protestantes son cristiáns? Había e aínda hai unha asombrosa ignorancia do que é a fe protestante en España.

A Igrexa Protestante consolídase en España en 1869, coa legalización da Igrexa Evanxélica Española (IEE); con todo, a presenza protestante en España remóntase ao século XVI, no que xa hai constancia de comunidades protestantes en Sevilla, Valladolid, Cataluña e outros lugares. A primeira tradución completa da Biblia ao castelán faise en Sevilla, a coñecida como Biblia do Oso, por

1 Bióloga, poeta, investigadora.